

## **MEMORIA FIN DE CURSO**

### **1.- ESPAZO**

A aula de 4 anos na que impartimos docencia de forma xeral, durante o curso 2023-2024 é un espazo moi luminoso, cálido e axeitado para o desenvolvemento das actividades docentes. Os nenos/as atópanse nun ambiente relaxado e adaptado ás súas necesidades, onde contan con todo o material necesario para levar a cabo as actividades destinadas a desenvolver as competencias desta etapa.

Para as especialidades empréganse outras aulas, sendo estas: psicomotricidade (para os tres cursos): o espazo das clases de psicomotricidade foi o ximnasio do centro. É un espazo diáfano e amplo o que permite grandes desprazamentos, incluso en grupos numerosos. O equipamento é variado: colchóns, picas, conos, zancos, etc. E foi reforzado durante o curso coa compra de balóns. Isto permitiu programar distintos exercicios que implicasen diferentes movementos; para música, empregamos tanto a aula ordinaria como a aula de música do centro, na que se fixo uso dos diferentes recursos e materiais musicais dos que consta esta aula; para as TIC, empregouse a aula STEAM cos seus recursos propios.

### **2.- ACTIVIDADES ( Proxectos, titoriais, materiais creados, investigacións, ligazóns a traballos,...)**

As actividades levadas a cabo na aula de 4 anos foron programadas dende un punto de vista global, destinado ó desenvolvemento integral dos nenos e nenas desta etapa. Foron todas presentadas de maneira lúdica e integradas nas temáticas dos proxectos que se estaban a facer en cada momento.

As propostas de traballo incluían: actividades para o desenvolvemento da motricidade fina (manipular, traballar con plastilina, ensartar, colocar elementos en orde, picar, colorear, repasar liñas...); actividades de psicomotricidade e relaxación (bailes, ioga, imitación de movementos, xogos de movemento no patio...); actividades de música (seguir o ritmo, reproducir sons, realizar coreografías...); actividades lóxico-matemáticas (conteo, seriación, numeración, ordenación de elementos, colocación seguindo un criterio, emprego do calendario...); actividades lingüísticas e de pre-lectoescritura (contar experiencias persoais, repetición de sons, xogos coas vogais, traballo a partir dos nomes propios, narración de contos...); actividades de recoñecemento e expresión de emocións, de estados de ánimo, empatía e colaboración; actividades de aseo persoal, de ordenación de espazos e en xeral de consecución de autonomía.

Psicomotricidade: as actividades desenvolvidas foron: circuítos e xogos. Nos circuítos buscouse que o alumnado realizase diferentes movementos (saltar, reptar, correr, exercicios de equilibrio, etc) para comprobar como se desenvolven no espazo, a súa forza, axilidade, etc. E, ao mesmo tempo, que traballen esas dimensións acorde as capacidades da súa idade. Os xogos tiveron a finalidade de acercar ao alumnado á actividade física de forma lúdica para que a relacione con aspectos positivos, inicialos nos xogos cooperativos (na medida das súas posibilidades) e no coñecemento dos xogos con normas (na medida das súas posibilidades).

Música: en música programáronse distintos tipos de actividades: de audición, de expresión e de representación. As de audición consistiron na escoita de contornas sonoras co fin de identificar os seus elementos. As de expresión consistiron en bailes e coreografías para traballar o ritmo, xogo das estatuas para saber reaccionar ante os estímulos, exercicios de ritmos sinxelos con musicogramas e aprendizaxe de cancións. E, en representación, facer debuxos sentindo a música.

### 3.- RECURSOS

Os recursos empregados na aula foron tanto de elaboración propia como materias achegados polas familias e outros mercados polo colexio, segundo as necesidades.

Para o traballo de proxectos e temáticas que xorden ó longo do curso, é moi útil crear materiais de decoración e manipulación relacionados con dita temática.

Tamén é importante, e neste curso especialmente polo tema anual que estaba relacionado co coidado dos ecosistemas, empregar material de refugallo.

Incorporáronse recursos novos para o patio de educación infantil cos cales este espazo se está a converter nun lugar de xogo moi ben dotado para os cativos/as.

### 4.- CURRÍCULO

Neste curso, como os nenos e nenas xa estiveran coa mesma mestra no curso anterior, non houbo que facer avaliación inicial como tal, se ven se fixo unha pequena observación para ver os cambios producidos neles durante a época estival, xa sabiamos de onde partiamos en relación ó currículo, a observación individual ía sobre todo encamiñada a ver as necesidades individuais.

Dita programación foise adaptando ós intereses dos cativos/as e ás necesidades que ían xurdindo. Tamén se adaptaron as actividades e o nivel de esixencia a cada neno/a en particular, tendo estes moi distintos ritmos ó comezo e igualándose bastante á medida que o curso avanzaba.

En xeral, podemos dicir que se cumpriron os obxectivos previstos, tanto nas ensinanzas impartidas pola propia titora como as impartidas polos especialistas.

## **5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO**

O alumnado da aula de 5º de infantil participou de forma activa en todas as actividades propostas, tanto pola titora como polos especialistas. Son un grupo de nenas e nenos moi participativos, fáciles de entusiasmar e que lles gusta coñecer e ter experiencias novas.

Tamén participaron todos nas saídas didácticas á contorna. Estas saídas motívanos moito e son fonte de desfrute e coñecemento.

## **6.- PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E IMPLICACIÓN NO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO**

A relación coas familias foi boa e constante ó longo de todo o curso. Comezamos cunha reunión xeral en setembro e posteriormente tivemos unha titoría trimestral. A maiores disto, todas as familias tiñan facilidade para poñerse en contacto coa titora diariamente para cuestións do día a día, e solicitar titorías en calquera momento do ano en caso de velo axeitado.

As familias, en xeral, participaron nas actividades propostas tanto a nivel de aula como de centro.

## **7.- COORDINACIÓN DO PROFESORADO**

Tivemos unha coordinación e comunicación fluída e constante durante todo o curso, tanto entre as mestras de infantil que compoñemos o ciclo, como co resto de docentes do centro.

## **8.- ANÁLISE DOS RESULTADOS**

Os resultados obtidos foron satisfactorios en xeral. Teremos en conta as cousas que consideramos susceptibles de mellora para intentar facelas mellor o curso que ven.

## **9.-DIFICULTADES ATOPADAS**

Non se atoparon dificultades salientables no desenvolvemento xeral do curso.

Cabe sinalar que houbo que facer unha adaptación da marcha ordinaria da aula porque se incorporaron dúas nenas a mediados de curso, o que fixo que durante o seu proceso de adaptación nos acomodásemos ó seu ritmo, que non era o que os outros nenos/as xa tiñan. Unha vez concluída esta adaptación, a marcha da aula seguiu con normalidade.

## **9.-PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO**

-Que se siga mellorando o patio de educación infantil.

## **10.-MATERIAIS PRECISOS PARA UN BO DESENVOLVEMENTO DO CURSO.**

En xeral, no colexio temos á nosa disposición todos os materiais para o bo desenvolvemento do curso. Si que se podería ir renovando pouco a pouco os xoguetes das aulas